

Alas y Viento Collection. Nacho Rovira II

MASKS



Museo do Pobo Galego
29 de xaneiro ao 26 de abril de 2026



Alas y Viento



MASKS



San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela
Martes a sábado 11:00 a 18:00 h. / Domingos e festivos 11:00 a 14:00 h.



Co-funded by
the European Union



Organizan:



Universidad de Valladolid

Cátedra de
Estudios sobre la Tradición



Museo do Pobo Galego



GRUPO
IDENTIDAD E
INTERCAMBIOS
ARTÍSTICOS

Colaboran:



XUNTA
DE GALICIA



MÁSCARAS E RITO.

ENTRE O RITUAL E O ARTÍSTICO, ENTRE O LOCAL E O GLOBAL

O estudo das máscaras como parte do folclore tense levado a cabo moitas veces desde un enfoque indutivo e descritivo, demasiado obsesionado por explicar a súa “pureza” e a das tradicións nas que son importantes. Esta perspectiva esencialista marxinou os procesos históricos, sociais e económicos que as transformaron. Porén, as festas onde as máscaras son os elementos máis vistosos —que non é o mesmo que centrais— son procesos cambiantes e, por tanto, están suxeitas aos intereses das relacións de poder.

As máscaras como obxectos artesanais que se usan na contemporaneidade están atravesadas polo masivo e a tecnoloxía, e apelan tanto ao supostamente estático (en tanto que festa que se celebra “sen modificacións”, coma nos tempos de Maricastaña) como ao dinámico (por exemplo, os populares e populosos desfiles de enmascarados para propios e alleos).

Neste percorrido polas 54 máscaras de *Alas y Viento* e 12 das que non se ven na exposición permanente deste museo, expoñente da cultura galega e universal, recoñecemos que o popular se configura coa interacción entre diversos actores, prácticas sociais e medios de comunicación. As máscaras hoxe, coma sempre, circulan e transfórmanse en contextos diferentes. As festas e as súas máscaras, coma calquera ben patrimonial, tamén son susceptibles da apropiación cultural.

Nesta dinámica queremos visibilizar a cultura da máscara a través dos artesáns que a fan posible. Recoñecemos o valor simbólico e cultural das máscaras e, sobre todo, a interacción entre as comunidades locais e novos grupos institucionais. Para iso partimos dos contextos rituais nos que operan as máscaras nalgúns territorios do proxecto Erasmus + MASKS. O percorrido agrupa máscaras romanesas, italianas, españolas, portuguesas e unha andorrana que se usan en diversos contextos rituais ou performativos.

Agradecemoslles aos artesáns, moitos deles construtores locais das propias máscaras das súas tradicións, que nos mostren os vínculos entre arte primitiva e cultura popular e, ao mesmo tempo, fagan da tradición unha fermosa categoría estética flexible e en diálogo coa modernidade.



As máscaras, pola súa enorme carga simbólica, son un patrimonio vivo que serven de soporte para moitos rituais. Nas comunidades para as que son importantes axudan na socialización e reforzan a idea de tradición nos grupos. Esta exposición preséntase como un espazo de diálogo entre públicos e comunidades que conservan e viven as súas festas con máscara. Nestas mestúranse o sagrado e o profano, e poden ser un símbolo teolóxico ou un marcador de identidade cultural. Estas e outras condicións destes obxectos non son excluíntes e a máscara, por natureza é un obxecto híbrido e polisémico.

As máscaras no noso contexto poden representar o mal e os vicios superados por Cristo ou a daimón (δαίμων), benfeitor que trae a abundancia e a fertilidade dos campos, os animais e as xentes. Tamén poden evocarnos o negativo da vida —o medo, a envexa ou a ira— ou purificarnos, prepararnos para a morte e consolar os parentes dun defunto.

No parateatro popular, como as representacións das loitas entre contrarios nas mourisqueiras, ou en diversos entroidos agrarios ou urbanos, as máscaras son artefactos que axudan aos actores que interveñen na produción, circulación ou interpretación de prácticas culturais, e son moi importantes na escenografía festiva. No teatro e noutras performances contemporáneas axudan a que o *homo ludens* desenvolva a cultura.

M.^a Pilar Panero García
Comisaria da exposición



I. Máscaras do Entroido

- *L'ultima ossa d'Ordino* (Arnau Codina);
- *Zangarrón de Sanzoles e Tafarrón* (José Javier Sánchez Hernández);
- *Máscaro de Ousilhão* (António Tiza);
- *Sărsăilă* (Paul Buță);
- *Chocalheiro* (Carlos Ferreira);
- *Zangarrón de Montamarta* (José Ramón Pérez Pérez);
- *Carocho de Constantim* (Óscar Barros);
- *Boe y Merdule* (Michele Vedele);
- *Jarrampas* (Ernesto Antonio Salgado);
- *Lole* (Uwe Constantin Boghian);
- *Careta* (Manuel López Lombao);
- *Careta* (descoñecido);
- *Botarga* (Ermenegildo Gil);
- *Peliqueiro* (Francisco Añel Alonso, "El sastre de Castro");
- *Pelliqueiro* (Aurelio Vila Obregón, "Lelo", e "Richard");
- *Pelliqueiro* (Luis Otero, "Forxo vello");
- *Pantalla* (Santiago Martínez Santana);
- *Pantalla* (Xosé Villariño);
- *Pantalla* (Juan);
- *Boteiro* (Jorge Domínguez Couso, "Minas"); Boteiro (descoñecido);
- *Follateiro* (Marta Delgado Gómez);
- *Volante* (Xosé Manuel Seisas Ares);
- *Coroza* (Viúva de Bugallo);
- *Caretos de Podence* (Luís Felipe Costa e Sofia Isabel Fernandes);
- *Diabo de Lazarim* (Adão Almeida);
- *Caretas* (Carlos Andrés Santos); Machurrero (Jesús Hernández Sánchez);
- *Cucurumacho* (Pablo de la Fuente García y Jacinto Martín);
- *Cornuto e Capra* (Giuseppe Lombardi);
- *Mastro di Campo* (Domenico Dino Pinnola); e Cuci e Cucoice (Constantin Anghel).

II. Máscaras do carnaval cortesán barroco e da Commedia dell'Arte

- *Volto con anteface e toucado de plumas* (Adriana Mariti);

- *Medusa* (Paola Paties);
- *Bauta* (descoñecido);
- *Día e Noite* (descoñecido);
- *Anteface veneciano* (Taller Karta Ruga);
- *Cat* (Agostino Dessì, Alice's Masks Studio);
- *Jolly* (Flavio Gervasutti);
- *Pierrot* (descoñecido);
- *Antiface* (descoñecido);
- *Antiface* (descoñecido);
- *Antiface* (descoñecido);
- *Antiface* (descoñecido).

III. Máscaras para as representacións de Nadal e Pascua

- *Dimoni* (Ventura & Hosta Studio);
- *Lucifer* (Xavi Badia, La Gárgola);
- *La Mort* (Escola d'Art d'Olot).

IV. Máscaras do Corpus Christi

- *Plen* (descoñecido);
- *O Colacho* (Jorge Sancho Santamaría);
- *Capgròs* (Ramón Aumedes i Ferré. Sarandaca Workshop);
- *Pecado Mayor, Pecado e Danzante* (José María Naranjo Romeu, mascareiro, e María del Carmen Almansa Almansa, modista).

V. Morisqueiras

- *Bugio* (Manuel António da Silva Pinto Suzano, "Palheira")

VI. Veneración dos mortos e Máscaras fúnebres

- *Canhoto* (Diabo) de Cidões (Amável Alves Antão);
- *Chipăruș* (Șerban Terțiu).

VII. Máscaras para teatro, performances e contemporáneas

- *Giullare Collare* (Atelier Russo);
- *Ola* (deseño de Peter Mitdiel);
- *Triangle Collage* (Taller Arlequín ?).